DESAPARECE A OBRIGACIÓN PARA AS PERSOAS TRABALLADORAS DE PRESENTAR ÁS EMPRESAS OS PARTES DE BAIXA

UGT Servizos Públicos Galicia

O Boletín Oficial do Estado publicou a modificación dun Real Decreto pola que desaparece a obrigación para as persoas traballadoras de presentar ás empresas os partes de IT (incapacidade temporal ou baixa laboral).Explicámoscho a continuación.



XESTION DOS PROCESOS POR INCAPACIDADE TEMPORAL NOS PRIMEIROS 365 DÍAS DA SÚA DURACION

Os partes de baixa e de confirmación de baixa emitiranse en función do período de duración que estime o médico que os emite:

MENOS DE 5 DÍAS	Emitirase o parte de baixa e de alta nun mesmo acto médico. A data do alta poderá ser a mesma que a da baixa. A persoa traballadora poderá solicitar un recoñecemento médico o día que se fixou a súa alta, e o médico poderá emitir un parte de confirmación de baixa se considera que o paciente non recuperou a súa capacidade laboral.
ENTRE 5 E 30 DÍAS	Emitirase o parte de baixa consignando a data da revisión médica sen exceder dos sete primeiros días naturais desde a data de baixa. Tras a revisión emitirase o parte de alta se procedese ou o parte de confirmación de baixa. Tras este primeiro parte de confirmación, os seguintes non poderán emitirse cunha diferenza de máis de 14 días naturais entre si.
ENTRE 31 E 60 DÍAS	O proceso é igual que o anterior, coa diferenza de que entre o segundo e sucesivos partes de confirmación de baixa non poderá superarse o prazo de 28 días naturais entre si.
DE 61 DÍAS OU MÁIS	O proceso é igual que o anterior, coa diferenza de que a primeira revisión non poderá exceder de 14 días naturais desde a data de baixa. Ademais, entre segundo e sucesivos partes de confirmación de baixa non poderá superarse o prazo de 35 días naturais entre si.

SERÁ A SEGURIDADE SOCIAL QUEN COMUNIQUE Á EMPRESA TANTO O PRIMEIRO PARTE DE BAIXA COMO OS SUCESIVOS DE CONFIRMACIÓN OU O PARTE DE ALTA.
FARAO DE FORMA TELEMÁTICA, DE MANEIRA INMEDIATA OU, EN TODO CASO, O PRIMEIRO DÍA HÁBIL SEGUINTE AO DA EXPEDICIÓN DO PARTE

En calquera destes procesos, o médico do sistema público de saúde, a empresa colaboradora ou mutua poderá fixar a correspondente revisión médica nun período inferior ao indicado en cada caso.

ENTRADA EN VIGOR:

INMEDIATA para procesos de IT en curso desde o 5 de xaneiro de 2023, e que non superasen os 365 días de duración.

1 DE ABRIL DE 2023 para o resto de procesos